# PERFIL DO PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

instituto galego das artes escénicas e musicais

IGAEM | instituto galego das artes escénicas e musicais

# PERFIL DO PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

**INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS**
Rúa da Vesada s/n. Santiago de Compostela
981 577 126
www.igaem.xunta.es / igaem@xunta.es

INVESTIGACIÓN: CIDADANÍA. Rede de aplicacións sociais.

MAQUETACIÓN: IDEART deseño • comunicación

Santiago de Compostela. Outubro 2006

# ÍNDICES

# ÍNDICE XERAL

**I. METODOLOXÍA** 11
1. Obxectivos da investigación 12
2. Ficha técnica da enquisa 13
3. Cuestionario 14
4. Principais conceptos na enquisa sobre o público 20
5. Representatividade dos datos 23
6. Deseño e alcance dos grupos de debate 25
7. Desenvolvemento e análise dos grupos de debate 28

**II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS** 31
1. Descrición da mostra 32
2. Perfil do público da Rede Galega de Teatros e Auditorios 41
3. Comportamento do público asistente aos espectáculos do IGAEM 42
3.1. Introdución 43
3.2. Frecuencia de asistencia aos espectáculos 45
3.3. Grao de interese polos espectáculos do IGAEM 113
3.4. Grao de satisfacción cos espectáculos do IGAEM 122
3.5. Hábitos informativos e de lecer en relación co consumo de artes escénicas 142
3.6. Coñecemento e valoración do IGAEM e das Fundacións Caixa Galicia e Caixanova 159

**III. O PÚBLICO DO TEATRO** 167
1. Aspectos relativos a asistencia, actitude e utilidade 169
1.1. Preferencias absolutas polos espectáculos escénicos 169
1.2. Valoración das infraestruturas escénicas e da organización dos espectáculos 169
1.3. Tarifas e descontos 173

2. Aspectos relacionais e de conduta 175
2.1. Días de asistencia ao teatro 175
2.2. Asistencia só ou en compañía 177
2.3. Desprazamentos realizados 180
2.4. Canles de información sobre os espectáculos 183
2.5. Medios de información e comunicación e produtos culturais e de lecer 185

3. Aspectos psicolóxicos, socioculturais e motivacionais 185
3.1. Teatro en galego vs. teatro en castelán 185
3.2. Factores motores de asistencia ao teatro 188
3.3. Factores limitativos da asistencia ao teatro 189
3.4. Caracterización do teatro en galego 191
3.5. Coñecemento e uso da lingua galega 193

**IV. CONCLUSIÓNS** 195

**BIBLIOGRAFÍA** 203

# ÍNDICE

## ÍNDICE DE TÁBOAS


Táboa 1: Clasificación de espectadores, asistentes ou consumidores ..... 22
Táboa 2. Provincia onde ten lugar o espectáculo ..... 33
Táboa 3. Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ..... 35
Táboa 4. Xénero ..... 36
Táboa 5. Intervalos de idade ..... 37
Táboa 6. Nivel de estudos ..... 39
Táboa 7. Relación coa actividade económica ..... 40
Táboa 8. Perfil do público da Rede Galega de Teatros e Auditorios ..... 41
Táboa 9. Correlacións entre as frecuencias de asistencia (coeficientes Rho de Spearman) ..... 44
Táboa 10. Clasificación de espectáculos ou xéneros escénicos ..... 45
Táboa 11. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega ..... 47
Táboa 12. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo a provincia ..... 47
Táboa 13. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ..... 49
Táboa 14. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo o xénero ..... 50
Táboa 15. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo intervalos de idade ..... 52
Táboa 16. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo o nivel de estudos ..... 54
Táboa 17. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo a relación coa actividade económica ..... 56
Táboa 18. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá ..... 58
Táboa 19. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo a provincia ..... 59
Táboa 20. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ..... 61
Táboa 21. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo o xénero ..... 62
Táboa 22. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo intervalos de idade ..... 63
Táboa 23. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo o nivel de estudos ..... 64
Táboa 24. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo a relación coa actividade económica ..... 66
Táboa 25. Frecuencia de asistencia a teatro infantil ..... 68
Táboa 26. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo a provincia ..... 68
Táboa 27. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ..... 70
Táboa 28. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo o xénero ..... 71
Táboa 29. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo intervalos de idade ..... 72
Táboa 30. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo o nivel de estudos ..... 74
Táboa 31. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo a relación coa actividade económica ..... 75
Táboa 32. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques ..... 77
Táboa 33. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo a provincia ..... 78
Táboa 34. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ..... 79
Táboa 35. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo o xénero ..... 80
Táboa 36. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo intervalos de idade ..... 81
Táboa 37. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo o nivel de estudos ..... 83
Táboa 38. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo a relación coa actividade económica ..... 84
Táboa 39. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia ..... 86
Táboa 40. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo a provincia ..... 87
Táboa 41. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ..... 88
Táboa 42. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo o xénero ..... 89
Táboa 43. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo intervalos de idade ..... 90
Táboa 44. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo o nivel de estudos ..... 92
Táboa 45. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo a relación coa actividade económica ..... 93
Táboa 46. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza ..... 95
Táboa 47. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo a provincia ..... 96
Táboa 48. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ..... 97

Táboa 49. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo o xénero ... 98
Táboa 50. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo intervalos de idade ... 99
Táboa 51. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo o nivel de estudos ... 101
Táboa 52. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo a relación coa actividade económica ... 103
Táboa 53. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais ... 104
Táboa 54. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo a provincia ... 105
Táboa 55. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ... 106
Táboa 56. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo o xénero ... 107
Táboa 57. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo intervalos de idade ... 109
Táboa 58. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo o nivel de estudos ... 110
Táboa 59. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo a relación coa actividade económica ... 112
Táboa 60. Escala de Likert para a medición do interese polos xéneros escénicos ... 113
Táboa 61. Estatísticos descritivos do grao de interese polos xéneros escénicos ... 114
Táboa 62. Estatísticos descritivos do grao de interese polos xéneros escénicos segundo a frecuencia de asistencia ... 120
Táboa 63. Grao de satisfacción co teatro en galego: consumo histórico e último consumo ... 123
Táboa 64. Grao de satisfacción co teatro en castelán: consumo histórico e último consumo ... 125
Táboa 65. Grao de satisfacción co teatro infantil: consumo histórico e último consumo, evolución ... 127
Táboa 66. Grao de satisfacción coas funcións de monicreques: consumo histórico e último consumo, evolución ... 131
Táboa 67. Grao de satisfacción cos espectáculos de maxia: consumo histórico e último consumo, evolución ... 132
Táboa 68. Grao de satisfacción cos espectáculos de danza: consumo histórico e último consumo, evolución ... 134
Táboa 69. Grao de satisfacción cas actuacións musicais: consumo histórico e último consumo, evolución ... 137
Táboa 70. Estatísticos descritivo do grao de satisfacción cos xéneros escénicos segundo a frecuencia de asistencia ... 141
Táboa 71. Correlacións de frecuencias de asistencia a espectáculos e a frecuencia de consumo de medios de comunicación e información (coeficientes Rho e Spearman) ... 142
Táboa 72. Frecuencia de consumo da TV e da TVTG ... 143
Táboa 73. Frecuencia de consumo de radio e da Radio Galega ... 145
Táboa 74. Frecuencia de consumo de xornais ... 147
Táboa 75. Cabeceiras xornalísticas máis consumidas ... 149
Táboa 76. Frecuencia de consumo de internet ... 151
Táboa 77. Servizos e páxinas web máis utilizados na internet ... 152
Táboa 78. Frecuencias de consumo de produtos culturais e de lecer ... 156
Táboa 79. Correlacións entre as frecuencias de asistencia a espectáculos escénicos e a frecuencia de consumo de produtos culturais e de lecer (coeficientes Rho e Spearman) ... 158
Táboa 80. Coñecemento dos espectáculos desenvolvidos pola obra social das caixas e polo IGAEM ... 159
Táboa 81. Notoriedade das entidades segundo provincia e tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ... 161
Táboa 82. Notoriedade das entidades segundo o xénero e intervalos de idade ... 161
Táboa 83. Valoración das entidades ... 163
Táboa 84. Valoración das entidades segundo a provincia e o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo ... 163
Táboa 85. Valoración das entidades segundo o xénero e intervalos de idade ... 164
Táboa 86. Valoración das infraestruturas escénicas e da organización dos espectáculos teatrais ... 170
Táboa 87. Reducións no prezo da entrada ao teatro ... 173
Táboa 88. Días de asistencia habitual ao teatro ... 175
Táboa 89. Consumo individual e colectivo de teatro ... 177
Táboa 90. Estatísticos descritivos das distancias e tempos de desprazamento para asistir ao teatro ... 180
Táboa 91. Canles de información sobre a programación e os espectáculos ... 183
Táboa 92. Análise comparada do teatro en galego e en castelán ... 187
Táboa 93. Factores motores de asistencia ao teatro ... 188
Táboa 94. Factores limitativos de asistencia ao teatro ... 189
Táboa 95. Caracterización do teatro en galego ... 191
Táboa 96. Frecuencia de uso e de lectura do galego ... 193

## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Representación gráfica do universo e da poboación ... 20
Provincia onde ten lugar o espectáculo ... 33
Rede Galega de Teatro e Auditorios ... 34
Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo (3 intervalos) ... 35
Xénero ... 36
Intervalos de idade ... 37
Cal é o seu nivel de estudos? ... 38
Cal é a súa relación coa actividade económica? ... 40
Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega ... 46
Asistencia a teatro en galego segundo a provincia ... 48
Asistencia a teatro en galego segundo o hábitat ... 49
Asistencia a teatro en galego segundo o xénero ... 51
Asistencia a teatro en galego segundo a idade ... 52
Asistencia a teatro en galego segundo a formación ... 55
Asistencia a teatro en galego segundo a relación coa actividade ... 56
Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá ... 58
Asistencia a teatro en castelán segundo a provincia ... 60
Asistencia a teatro en castelán segundo o hábitat ... 61
Asistencia a teatro en castelán segundo o xénero ... 62
Asistencia a teatro en castelán segundo a idade ... 63
Asistencia a teatro en castelán segundo a formación ... 65
Asistencia a teatro en castelán segundo a relación coa actividade ... 66
Frecuencia de asistencia a teatro infantil ... 67
Asistencia a teatro infantil segundo a provincia ... 69
Asistencia a teatro infantil segundo o hábitat ... 70
Asistencia a teatro infantil segundo o xénero ... 71
Asistencia a teatro infantil segundo a idade ... 72
Asistencia a teatro infantil segundo a formación ... 74
Asistencia a teatro infantil segundo a relación coa actividade económica ... 76
Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques ... 77
Asistencia a funcións de monicreques segundo a provincia ... 78
Asistencia a funcións de monicreques segundo o hábitat ... 80
Asistencia a funcións de monicreques segundo o xénero ... 81
Asistencia a funcións de monicreques segundo a idade ... 82
Asistencia a funcións de monicreques segundo a formación ... 83
Asistencia a funcións de monicreques segundo a relación coa actividade económica ... 85
Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia ... 86
Asistencia a espectáculos de maxia por provincia ... 87
Asistencia a espectáculos de maxia segundo o hábitat ... 89
Asistencia a espectáculos de maxia segundo o xénero ... 90
Asistencia a espectáculos de maxia segundo a idade ... 91
Asistencia a espectáculos de maxia segundo a formación ... 92
Asistencia a espectáculos de maxia segundo a relación coa actividade económica ... 93
Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza ... 95
Asistencia a espectáculos de danza segundo a provincia ... 96
Asistencia a espectáculos de danza segundo o hábitat ... 98
Asistencia a espectáculos de danza segundo o xénero ... 99
Asistencia a espectáculos de danza segundo a idade ... 100
Asistencia a espectáculos de danza segundo a formación ... 102
Asistencia a espectáculos de danza segundo a relación coa actividade económica ... 103
Frecuencia de asistencia a actuacións musicais ... 104
Asistencia a actuacións musicais segundo a provincia ... 106
Asistencia a actuacións musicais segundo o hábitat ... 107
Asistencia a actuacións musicais segundo o xénero ... 108
Asistencia a actuacións musicais segundo a idade ... 109
Asistencia a actuacións musicais segundo a formación ... 111
Asistencia a actuacións musicais segundo a relación coa actividade económica ... 112

# ÍNDICE


Grao de interese polos xéneros escénicos ..... 114
Relación entre interese e frecuencia de asistencia aos xéneros escénicos ..... 118
Grao de satisfacción co teatro en lingua galega ..... 122
Nivel de satisfacción co teatro en galego segundo o hábitat ..... 124
Grao de satisfacción co teatro en lingua castelá ..... 125
Nivel de satisfacción co teatro en castelán segundo a provincia ..... 126
Grao de satisfacción co teatro infantil ..... 127
Nivel de satisfacción co teatro infantil segundo o hábitat ..... 129
Nivel de satisfacción co teatro infantil segundo o xénero ..... 130
Grao de satisfacción coas funcións de monicreques ..... 130
Grao de satisfacción cos espectáculos de maxia ..... 132
Grao de satisfacción cos espectáculos de danza ..... 133
Nivel de satisfacción coa danza segundo a provincia ..... 135
Nivel de satisfacción coa danza segundo o xénero ..... 136
Grao de satisfacción coas actuacións musicais ..... 136
Nivel de satisfacción coas actuacións musicais segundo a provincia ..... 138
Nivel de satisfacción coas actuacións musicais segundo o xénero ..... 139
Nivel de satisfacción coas actuacións musicais segundo a idade ..... 140
Frecuencia de consumo da TV e da TVG ..... 142
Frecuencia de consumo de radio e da Radio Galega ..... 145
Consumo de xornais ..... 147
Consumo de internet ..... 151
Consumo de produtos culturais e de lecer ..... 154
Notoriedade dos espectáculos desenvolvidos pola obra social das caixas e polo IGAEM ..... 159
Valoración dos espectáculos desenvolvidos pola obra social das caixas e polo IGAEM ..... 162
Valoración das infraestruturas escénicas e da organización dos espectáculos teatrais ..... 171
Reducións no prezo da entrada ..... 173
Días de asistencia ao teatro ..... 175
Desprazamentos na asistencia ao teatro: Distancias e tempos ..... 180
Análise comparada do teatro en galego e en castelán ..... 186
Caracterización do teatro en galego: Sofisticado ..... 192
Galego: frecuencia do uso oral e de lectura ..... 193

# I. METODOLOXÍA

# I. METODOLOXÍA

## 1. Obxectivos da investigación

A presente investigación configúrase a partir da combinación dunha metodoloxía cuantitativa e outra cualitativa. Para a execución da primeira dimensión metodolóxica empregouse a técnica da enquisa telefónica asistida por ordenador, en tanto que para a segundo realizáronse grupos de debate. A través das dúas técnicas acadáronse os seguintes obxectivos:

•Establecemento do perfil do público asistente ás representacións de teatro galego en escenarios da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

•Análise do comportamento, actitudes e valoracións do público.

•Descrición e avaliación dos hábitos de consumo cultural dentro das preferencias informativas e de espectáculos.

•Sinalar canles de información entre o público, os programadores da Rede Galega de Teatros e Auditorios e o IGAEM.

•Diferenciación de grupos de poboación en relación co consumo de representacións.

•Exploración de vías de incidencia no público para fortalecer o atractivo das programacións.

•Avaliar as principais características da percepción do público sobre a imaxe corporativa do IGAEM.

•Avaliar as percepcións existentes en relación aos espectáculos e profesionais do teatro en Galicia.

## 2. Ficha técnica da enquisa

•Universo: Persoas maiores de 15 anos asistentes a actuacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

•Tamaño da mostra: 503 entrevistas.

•Erro de mostraxe: Na hipótese dunha mostra aleatoria simple, para un nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e no suposto de máxima indeterminación (p=q=0,5), o erro máximo admitido na estimación dunha magnitude absoluta é de ± 4,45%.

•Tipo de entrevista: Realizouse un contacto preliminar coas persoas entrevistadas en cada espazo teatro ou auditorio seleccionado para a mostra, que cumprimentaron un formulario breve cos seus datos de contacto. Unha vez distribuídas as unidades de mostraxe, efectuouse unha entrevista telefónica asistida por ordenador (CATI).

•Método de mostraxe: Realizouse unha estimación da asistencia en función do aforo declarado nos diversos espazos teatrais e de datos secundarios. Efectuouse unha afixación proporcional da mostra en función da provincia. Estratificouse a mostra en función do tamaño de hábitat do concello no que se localizaba cada espazo. Por último, a selección final dos entrevistados realizouse por cotas de sexo e idade.

•Datas da contactación: marzo e abril de 2006.

•Datas do traballo de campo: maio de 2006.

# I. METODOLOXÍA

## 3. Cuestionario

**PRESENTACIÓN**

Bos días/tardes, o meu nome é ... e chamo en nome do Instituto Galego de Artes Escénicas e musicais (IGAEM) organismo dependente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Estamos realizando un estudo sobre a percepción dos espectadores sobre algúns aspectos relacionados coas actividades escénicas (teatro, música...) a través dunha enquisa telefónica, e gustaríanos contar coa súa opinión. Podería dedicarnos uns minutos respondendo a unhas preguntas?.

1. Anotar o xénero da persoa enquisada.
    1. Home
    2. Muller

2. Podería sinalarme a idade que ten na actualidade?

(Se está cuberta a cota de xénero e idade para o perfil desta persoa, declinar a realización da entrevista e realizar seguinte persoa)

3. Con que frecuencia ve vostede a televisión?
    1. Todos os días da semana.
    2. Varias veces á semana.
    3. Unha vez á semana.
    4. Algunhas veces ao mes.
    5. Con menor frecuencia.
    6. Nunca. (Pasar a P.7)
    7. Ns / Nc.

4. E con que frecuencia ve vostede a Televisión de Galicia?
    1. Todos os días da semana.
    2. Varias veces á semana.
    3. Unha vez á semana.
    4. Algunhas veces ao mes.
    5. Con menor frecuencia.
    6. Nunca. (Pasar a P.6)
    7. Ns / Nc.

5. Que tipo de programas ve vostede na Televisión de Galicia? (resposta múltiple)
    1. Informativos.
    2. Series produción estranxeira.
    3. Series produción propia.
    4. Programas de variedades.
    5. Programas de debates.
    6. Documentais.
    7. Películas.
    8. Concursos.
    9. Retransmisións deportivas.
    10. Outros. (Sinalar)

1

6. Con que frecuencia escoita vostede a radio?.
    1. Todos os días da semana.
    2. Varias veces á semana.
    3. Unha vez á semana.
    4. Algunhas veces ao mes.
    5. Con menor frecuencia.
    6. Nunca. (Pasar a P.9)
    7. Ns / Nc.

7. Con que frecuencia escoita vostede a Radio Galega?.
    1. Todos os días da semana.
    2. Varias veces á semana.
    3. Unha vez á semana.
    4. Algunhas veces ao mes.
    5. Con menor frecuencia.
    6. Nunca. (Pasar a P.9)
    7. Ns / Nc.

8. Que tipo de programas escoita vostede na Radio Galega? (Resposta múltiple)
    1. Informativos.
    2. Retransmisións deportivas.
    3. Programas de música.
    4. Programas de debate.
    5. Programas de humor.
    6. Outros. (Sinalar)

9. Con que frecuencia lee vostede a prensa escrita diaria?
    1. Todos os días da semana.
    2. Varias veces á semana.
    3. Unha vez á semana.
    4. Algunhas veces ao mes.
    5. Con menor frecuencia.
    6. Nunca. (Pasar a P.11)
    7. Ns / Nc.

10. Cales dos seguintes xornais le vostede? (Resposta múltiple)
    1. El Correo Gallego.
    2. La Voz de Galicia.
    3. Faro de Vigo.
    4. La Región.
    5. El Ideal Gallego.
    6. Galicia Hoxe.
    7. El Progreso.
    8. Diario de Pontevedra.
    9. Atlántico.
    10. La Opinión.
    11. Diario de Bergantiños.
    12. Diario de Ferrol.
    13. Diario de Arousa.
    14. Outros. (Sinalar)

11. Con que frecuencia emprega internet?.
    1. Todos os días da semana.
    2. Varias veces á semana.
    3. Unha vez á semana.
    4. Algunhas veces ao mes.
    5. Con menor frecuencia.
    6. Nunca. (Pasar a P.13)
    7. Ns / Nc.

2

12. Que tipo de servizos usa cando emprega internet? (Resposta múltiple)
    1. Xornais electrónicos.
    2. Correo electrónico.
    3. Revistas electrónicas.
    4. Portais de radio e televisión.
    5. Foros.
    6. Blogs.
    7. Páxinas de administración.
    8. Outros. (Sinalar)

13. Podería indicarme con que frecuencia soe asistir aos seguintes espectáculos:

| | Máis de 6 veces ao ano | Entre 2 e 6 veces ao ano | Unha vez ao ano | Nunca | Ns / Nc |
|---|---|---|---|---|---|
| Teatro en galego | | | | | |
| Teatro en castelán | | | | | |
| Danza | | | | | |
| Música | | | | | |
| Teatro infantil | | | | | |
| Títeres | | | | | |

14. Do 1 ao 10, onde 1 significa o mínimo interese e o 10 o máximo interese, podería sinalarme o grao de interese polos seguintes espectáculos:

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | Ns / Nc |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Teatro en galego | | | | | | | | | | | |
| Teatro en castelán | | | | | | | | | | | |
| Danza | | | | | | | | | | | |
| Música | | | | | | | | | | | |
| Teatro infantil | | | | | | | | | | | |
| Títeres | | | | | | | | | | | |

15. Cales son os medios polos que recibe a información sobre os espectáculos aos que decide asistir? (Resposta múltiple)
    1. Internet.
    2. Folletos.
    3. Publicidade exterior.
    4. Xornais escritos e/ou electrónicos.
    5. Radio.
    6. Amigos / coñecidos / familia.
    7. Televisión.
    8. Outros. (Sinalar)
    9. Ns / Nc.

16. Que días soe asistir aos espectáculos escénicos?
    1. Luns - Xoves.
    2. Venres.
    3. Sábado.
    4. Domingo.
    5. Ns / Nc.

3

17. Con quen soe acudir a este tipo de espectáculos?
    1. Só.
    2. Coa súa parella.
    3. Con amigos.
    4. En familia.
    5. Outros. (Sinalar)
    6. Ns / Nc.

18. Cales son os factores que inflúen na súa decisión á hora de asistir a un espectáculo?
    1. O nome da compañía.
    2. Os actores.
    3. O xénero / tipo de obra.
    4. As críticas.
    5. As opinións dos amigos / familia.
    6. A publicidade da obra.
    7. O compromiso coa cultura do país.
    8. Outros. (Sinalar)

19. Cando asiste a estes espectáculos conta vostede con algún tipo de desconto sobre o prezo da entrada?
    1. Si.
    2. Non.

20. Cales son ese tipo de descontos?
    1. Abono.
    2. Desconto sobre a entrada (Carné Xove / estudante / parado ...)
    3. Invitacións.
    4. Entradas gratuítas.
    5. Ns / Nc.

21. Podería valorar os seguintes elementos relacionados co último espectáculo ao que asistiu?:

| | Moi ben | Ben | Normal | Mal | Moi mal | Ns / Nc |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Accesibilidade ao teatro / auditorio | | | | | | |
| Condicións do teatro / escenario | | | | | | |
| Día / horario da función | | | | | | |
| Comodidade do teatro / auditorio | | | | | | |
| Atención ao público do persoal do teatro / auditorio | | | | | | |

22. Podería sinalarme o seu grao de satisfacción en relación ao último espectáculo que asistiu?

| | Moito | Bastante | Pouco | Nada | Ns / Nc |
|---|---|---|---|---|---|
| Teatro en galego | | | | | |
| Teatro en castelán | | | | | |
| Danza | | | | | |
| Música | | | | | |
| Teatro infantil | | | | | |
| Títeres | | | | | |

4

23. Cales son os factores que inciden que non asista con maior frecuencia aos seguintes espectáculos?

| | Teatro en galego | Teatro en castelán | Danza | Música | Teatro infantil | Títeres |
|---|---|---|---|---|---|---|
| O prezo da entrada | | | | | | |
| A calidade das representacións | | | | | | |
| Que haxa máis oferta do tipo que lle gusta | | | | | | |
| As ofertas non coinciden cos seus intereses | | | | | | |
| Escasa información | | | | | | |
| Necesidade de desprazamento | | | | | | |
| Dificultade de conseguir entradas | | | | | | |
| Dificultades para sair da casa | | | | | | |
| Non dispón de tempo de ocio suficiente | | | | | | |
| Outros (Sinalar) | | | | | | |

24. A continuación podería sinalarnos o seu grao de acordo en definir o teatro galego cos seguintes adxectivos?

| | Moi de acordo | Bastante de acordo | Pouco de acordo | Nada de acordo | Ns / Nc |
|---|---|---|---|---|---|
| Moderno | | | | | |
| Crítico | | | | | |
| Divertido | | | | | |
| Atractivo | | | | | |
| Profesional | | | | | |
| Sofisticado | | | | | |
| Politizado | | | | | |
| Accesible | | | | | |

25. Podería sinalarme con que frecuencia consome vostede os seguintes produtos?:

| | Todos os días | Unha ou varias veces á semana | Unha ou varias veces ao mes | Unha ou varias veces ao ano | Nunca | Ns/Nc |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Cine estranxeiro | | | | | | |
| Cine español | | | | | | |
| Música clásica | | | | | | |
| Música jazz/rock/folk/pop | | | | | | |
| Literatura en galego | | | | | | |
| Literatura en español | | | | | | |
| Revistas culturais | | | | | | |

26. Coñece vostede as ofertas culturais xestionadas desde Caixanova e Caixa Galicia?
   1. Si.
   2. Non. (Pasar a P.28)

27. E como valora do 1 ao 10, onde 1 é a mínima cualificación e 10 é a máxima, as súas ofertas culturais?

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | Ns / Nc |

28. Coñece vostede as actividades desenvoltas desde o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)?
   1. Si.
   2. Non. (Pasar a P.30)

29. E como valora do 1 ao 10, onde 1 é a mínima cualificación e 10 é a máxima, as súas actividades desenvolvidas?

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | Ns / Nc |

5

30. A continuación poderíame dicir con que frecuencia fala o galego?
    1. Sempre.
    2. Frecuentemente.
    3. As veces.
    4. Nunca.
    5. Ns / Nc.

31. E con que frecuencia lee en galego?
    1. Sempre.
    2. Frecuentemente.
    3. As veces.
    4. Nunca.
    5. Ns / Nc.

32. Cal é o seu nivel de estudos?
    1. Non sabe ler nin escribir / Menos de 5 anos de escolarización.
    2. Sen completar bacharelato elemental, EXB ou ESO.
    3. Bacharelato elemental EXB ou ESO completo.
    4. Bacharelato superior BUP / LOXSE COU / PREU.
    5. FP I grao medio ou oficiala industrial.
    6. FP II grao superior ou mestría industrial.
    7. Diplomatura, arquitectura ou enxeñería técnicas.
    8. Licenciatura, arquitectura ou enxeñería superiores.
    9. Doutoramento.
    10. Ns / Nc.

33. Cal é a súa relación coa actividade económica?
    1. Ocupado/a.
    2. Parado/a.
    3. Estudante.
    4. Labores do fogar.
    5. Xubilado/a.
    6. Ns / Nc.

34. Cal é a súa ocupación laboral?
(Clasificar adecuadamente segundo a Clasificación Nacional de Ocupacións CNO-94)

35. Por último. En que tipo de poboación reside vostede?
    1. Máis de 50.000 habitantes.
    2. Entre 20.000 e 50.000 habitantes.
    3. Entre 10.000 e 20.000 habitantes.
    4. Entre 5.000 e 10.000 habitantes.
    5. Menos de 5.000 habitantes.

Con isto rematamos a entrevista.

Informámolo de que todas as opinións e todos os datos que nos deu son anónimos e están suxeitos ao segredo estatístico e á Lei de Protección de Datos de Caracter Persoal. Ningunha resposta se poñerá en relación co seu número de teléfono e a súa identidade quedará preservada.

Moitas grazas pola súa colaboración.

6

## 4. Principais conceptos na enquisa sobre o público

Unha das cuestións que é necesario ter presente para interpretar correctamente os datos da enquisa é que a poboación obxecto de estudo, e por tanto os individuos que a compoñen, clasifícanse do xeito que indica a seguinte figura:

**Representación gráfica do universo e da poboación**



•A poboación obxecto de estudo é o público da Rede de Teatros e Auditorios. Esta poboación é un subconxunto do público galego das artes escénicas, dado que tamén hai persoas que poden asistir a outro tipo de espectáculos non promovidos ou desenvolvidos polo IGAEM (fundacións, concellos, afeccionados...). Á súa vez o público galego das artes escénicas é unha fracción da poboación total de 15 ou máis anos de idade, fracción cuxo cálculo se sitúa fóra do obxectivo desta investigación.

•Dentro do público da Rede hai individuos que son espectadores de máis dun xénero de espectáculos, de aí a superposición de consumidores dunhas e outras artes escénicas. Naturalmente tamén pode haber e hai individuos que só consomen un único tipo de produto cultural dos que ofrece a Rede.

Outra das cuestións que cómpre determinar de entrada é a dos cualificativos cos que nos referimos aos distintos grupos de espectadores, dependendo da súa frecuencia de asistencia ou intensidade de consumo dun determinado xénero escénico.

Tradicionalmente os diferentes investigadores do eido do marketing nas artes escénicas en particular e nos produtos culturais en xeral empregaron e empregan diferentes escalas e cualificativos que dificultan ou mesmo impiden a comparabilidade dos resultados entre distintos estudos, territorios e anos.

# I. METODOLOXÍA

No ámbito do informe de resultados da enquisa empregaremos estes conceptos:

**Táboa 1: Clasificación de espectadores, asistentes ou consumidores**

| Clasificación de espectadores, asistentes ou consumidores | | | Frecuencia |
|---|---|---|---|
| Artes escénicas | Habituais | Frecuentes | Máis de 6 veces ao ano |
| | Regulares | | Entre 2 e 6 veces ao ano |
| | Ocasionais | | 1 vez ao ano ou menos |
| | Non | | Nunca |
| TV, radio, xornais e internet | Habituais | Frecuentes | Todos os días da semana |
| | Regulares | | Varias veces á semana |
| | Ocasionais | | Unha vez á semana |
| | | | Varias veces ao mes |
| | | | Con menor frecuencia |
| | Non | | Nunca |
| Cine, literatura, revistas culturais e música | Intensivos | Frecuentes | Todos os días da semana |
| | Habituais | | Unha ou varias veces á semana |
| | Regulares | | Unha ou varias veces ao mes |
| | Ocasionais | | Unha ou varias veces ao ano |
| | Non | | Nunca |

Neste cadro creouse unha clasificación diferenciada para as artes escénicas incluídas dentro das programacións do IGAEM, para os medios de comunicación e información (en sentido amplo) e para o resto de produtos culturais.

Como se pode apreciar, en determinadas análises utilizarase o concepto de espectadores, asistentes ou consumidores frecuentes, que engloba aqueles clasificados como intensivos, habituais ou regulares.

## 5. Representatividade dos datos

A selección de puntos de mostraxe e de espectáculos representados en cada un deles tivo un carácter mixto entre aleatorio e intencional, motivado polas características da investigación: dispoñibilidade de información secundaria, datas de realización do traballo de campo, e requirimentos sectoriais dos resultados.

A primeira afixación da mostra encontrouse co primeiro problema de non existir datos fiábeis de asistencia ao conxunto das representacións e espectáculos programados polo IGAEM, razón pola cal a afixación se realizou en base a un criterio de compromiso a medio camiño entre a afixación proporcional ao número estimado de asistentes e a afixación fixa que garantise a representatividade dos resultados para cada unha das 4 provincias galegas. Procurouse obter ao tempo resultados para os diferentes estratos habitacionais definidos para os concellos galegos: concellos menores e maiores de 20.000 habitantes, e as 7 cidades, contabilizando a poboación total residente a 1 de xaneiro de 2005, no concello en que se localiza cada espazo escénico. A efectos de tratamento de datos poboacionais no resto deste informe só se considerou a poboación de 15 ou máis anos.

De xeito complementario, e empregando un criterio puramente intencional e non aleatorio, seleccionáronse os puntos de mostraxe: os lugares de celebración dos espectáculos. A relación de lugares finalmente utilizada reúne espazos escénicos dos denominados en terminoloxía do IGAEM circuítos A e B, tamén auditorios de diversa natureza e caracterización: teatros, auditorios, centros socioculturais, casas do concello... Considerados globalmente deben representar a diversidade realmente existente no ámbito territorial da análise.

O criterio de selección de persoas nos puntos de mostraxe procurou ser o máis representativo posíbel do público asistente. Os entrevistadores empregaron un método de selección sistemática, aínda que en atención ás circunstancias do lugar e do momento a súa aplicación práctica foi necesariamente flexíbel. En total recolleuse información de contactación para 964 asistentes.

O traballo de campo telefónico efectuado con posterioridade podería introducir, e de feito introduce case sempre, algún efecto de distorsión, por existir grupos da poboación previamente contactada con tendencia a presentar unha maior ou menor frecuencia de incidencias de campo: taxas de localización ou de colaboración diferentes, fundamentalmente. Durante o traballo de campo telefónico realizáronse chamadas supervisadas á totalidade dos individuos previamente contactados, resultando un total de 503 entrevistas validadas tras o pertinente control de calidade.

Finalizado o traballo de campo, tívose acceso aos datos reais de asistencia aos espectáculos, provenientes dun estudo encargado polo IGAEM á empresa Proxectos. Estes resultados, referidos ao conxunto dos espectáculos celebrados entre os meses de xaneiro e maio de 2006, confirmaron que as hipóteses e estimacións de partida eran correctas na súa orientación xeral.

Púidose comprobar, porén, que os contactos persoais previos realizados nos puntos de mostraxe tenderon a inchar a presenza do público correspondente ás provincias de Lugo e Ourense. Incidiron neste fenómeno o deseño da mostraxe que perseguía garantir un número mínimo de entrevistas nestas provincias e o feito finalmente verificado de que corresponden a Lugo as maiores taxas de asistentes por función programada.

En calquera caso, unha vez coñecidos os datos reais de asistencia os posíbeis desaxustes producidos por unha ou outra causa, incluíndo erros de mostraxe e de entrevista, puideron ser corrixidos mediante a ponderación adecuada da información fornecida polas persoas finalmente entrevistadas.

Deste xeito, os resultados que se presentan ao longo do presente informe reproducen fielmente a distribución provincial dos asistentes reais aos espectáculos desenvolvidos polo IGAEM durante o período indicado. Igualmente, a ponderación tamén reproduce a nivel da mostra as proporción de xénero e de idades que foron atopadas nos puntos de mostraxe entre os individuos contactados de xeito previo á realización das entrevistas.

O que esta ponderación introduce é unha combinación de datos censuais (o número de asistentes real por provincias, hábitats, concellos e espectáculos) con datos de mostraxe (a composición do público por xénero, idade, nivel de estudos e situación laboral).

## 6. Deseño e alcance dos grupos de debate

Un dos primeiros pasos realizados no deseño dos grupos de debate foi delimitar o público obxecto de estudo. Así, a diferenza do empregado na enquisa telefónica, o concepto de público está referido a público de teatro en Galicia, este criterio non era excluínte en relación á asistencia a outros espectáculos escénicos pero si era condición necesaria.

No deseño dos grupos de debate tomáronse en consideración os seguintes criterios para establecer unha significación dos participantes en función das súas posicións socioestruturais:

•Contraste entre público habitual e público ocasional. Co obxectivo de ver as diferenzas e similitudes dos públicos en función da intensidade de consumo, optouse por constituír dous grupos de público habitual e un grupo de público ocasional, neste último tamén foi incluída unha persoa que se podería conceptualizar claramente como non público.

•Contraste entre as cidades e as vilas intermedias. Neste sentido constituíronse dous grupos nas cidades e un grupo nunha vila. Deste xeito, queríase avaliar as diferenzas dentro do público en función das comunidades locais e hábitos de vida asociados.

•Selección prioritaria de participantes comprendidos nun segmento de idade entre os 25 e 45 anos, ao considerar que neste intervalo se concentra en maior medida o núcleo de poboación máis relacionado cun consumo habitual de actividades teatrais. Non obstante, no grupo de público ocasional optouse por seleccionar un perfil de idade máis novo, debido á necesidade de visualizar os factores que poderían incidir nunha futura fidelización do seu consumo.

•Selección paritaria segundo xénero. A pesar de que en diversos estudos se constata unha maior presenza no teatro de mulleres, preferiuse equiparar a súa participación para facer máis simétrico o debate que se ía producir nos grupos.

•No que respecta ao nivel de estudos e á situación laboral, tentouse seleccionar preferentemente xente con estudos universitarios e nunha situación laboral activa, dado que respondían en maior medida ao perfil medio do espectador habitual e ocasional.

•Establecer unha referencia teatral concreta que axudase a centrar o debate e a reflexión nos grupos de debate, sobre todo no caso do público ocasional. A obra seleccionada foi *Carambola* do grupo Lagarta, Lagarta. A dita obra foi considerada como unha proposta de calidade intermedia dentro do panorama teatral galego, un elemento que se considerou como necesario dado o obxectivo de non deturpar en exceso a imaxe que puidesen ter os participantes sobre o teatro galego.

Da combinación destes criterios, e en función do calendario de funcións para os meses de maio, xuño e xullo de 2006, optouse por configurar os seguintes grupos:

**Grupo de Cee**
**(6 persoas)**

- Público habitual.
- 5 mulleres e 1 home.
- Idade media: 37,3 anos
- 4 persoas con estudos medios e 2 con estudos superiores.
- 4 persoas en situación laboral activa, 1 estudante e 1 xubilada.

**Grupo de Ourense**
**(6 persoas)**

- Público habitual.
- 3 mulleres e 3 homes.
- Idade media: 45,2 anos
- 5 persoas con estudos superiores e 1 con estudos medios.
- 4 persoas en situación laboral activa, 1 estudante e 1 xubilada.

**Grupo de Santiago**
**(6 persoas)**

- Público ocasional.
- 3 mulleres e 3 homes.
- Idade media: 26,8 anos
- 3 persoas con estudos medios e 3 con estudos superiores.
- 4 persoas en situación laboral activa e 2 estudantes.

En xeral cúmprense todos os criterios marcados previamente para a configuración dos grupos, tan só hai que sinalar que no grupo de Ourense foi imposible seleccionar persoas que tivesen asistido previamente á obra Carambola, a excepción dun dos participantes, polo que este apartado non puido ser tratado neste grupo. En relación ao resto de criterios, tan só sinalar a forte presenza de mulleres no grupo de Cee.

## 7. Desenvolvemento e análise dos grupos de debate

Para realizar a captación dos participantes seguiuse un dobre proceso:

•Os participantes dos grupos de público habitual debían cubrir un formulario cos seus datos persoais para poder contactar posteriormente con eles. A tal efecto, unha persoa do equipo técnico de Cidadanía desprazábase ao escenario da localidade seleccionada para facer entrega do formulario aos asistentes á función da obra *Carambola*. Neste documento solicitábase a colaboración para participar nun grupo de debate, as persoas que querían colaborar facían entrega do mesmo ao axente de Cidadania, que posteriormente se puña en contacto con aquelas persoas que respondían ao perfil antes definido. No caso do grupo de Ourense o número de persoas dispostas a colaborar era claramente insuficiente, polo que se fixo uso dos formularios empregados para realizar a enquisa telefónica.

•Os participantes do grupo ocasional foron seleccionados a través da rede persoal, se ben garantiuse en todo momento que as persoas seleccionados non fosen coñecidas directamente polo persoal técnico de Cidadania encargado deste estudo. Unha vez seleccionados convidóuselles a asistir a unha función da obra *Carambola*. Con posterioridade foron contactados para participar no grupo de debate.

**A data de celebración e duración dos diversos grupos foi o seguinte:**

| | Data de celebración | Duración |
|---|---|---|
| **Grupo de Santiago** | 22-Xuño-2006 | 1H 40M |
| **Grupo de Cee** | 23-Xuño-2006 | 1H 40M |
| **Grupo de Ourense** | 7-Xullo-2006 | 1H 10M |

# I. METODOLOXÍA

A monitorización dos grupos foi realizado por persoal técnico de Cidadania, empregando unha guía para estruturar o debate entre os participantes. Nestas guías recollíanse os seguintes temas:

- •Valoración xeral da obra *Carambola*.
- •Valoración dos actores, temática, posta en escena e desenvolvemento da obra *Carambola.*
- •Representatividade da obra *Carambola* dentro do teatro galego.
- •Identificación coas temáticas, idioma, postas en escena e actuacións dos intérpretes do teatro galego.
- •Valoración das imaxes transmitidas polo teatro galego.
- •Factores de asistencia a actividades teatrais.
- •Consumo de produtos culturais.
- •Imaxe dos profesionais do teatro galego.
- •Relacións entre as Administracións Públicas e o teatro galego.
- •Canles de información sobre a programación teatral.

Os debates dos grupos foron gravados en soporte dixital, para realizar con posterioridade a transcrición das intervencións dos participantes de cada un dos grupos.

Para realizar a análise establecéronse, principalmente, as seguintes premisas:

- •Destacar os factores que reúnen un maior grao de consenso, así como sinalar aqueles elementos que provocan disentimento entre os participantes.

- •Delimitar os factores de contraste entre os grupos de participantes habituais e o grupo de ocasionais.

- •Sinalar os comportamentos diferenciados segundo o distinto tipo de localidade onde se realiza cada un dos grupos.

Na exposición da análise intercálanse as opinións máis significativas dos participantes, sinalándose para a súa identificación o nome do grupo onde participa, o perfil identificativo e o número de páxina onde se sitúa na correspondente transcrición.